

LIMIAR

O obxecto do presente itinerario é o achegamento ao Norte de Portugal, quer dicir, os territorios do viciño país que fican ao norte do río Douro. Estas terras posúen unha superficie duns 20.000 quilómetros cadrados e nela moran tres millóns de persoas, que sumados aos correspondentes galegos deitan un territorio de 50.000 quilómetros cadrados e case seis millóns de habitantes, algo superior a Dinamarca —43.000 quilómetros cadrados e 5,1 millóns de habitantes—, cunha densidade de poboación duns 120 habitantes por quilómetro cadrado. O número de sociedades establecidas no norte de Portugal achégase ás cincuenta mil —o 50 por cento no Grande Porto— mentres que as galegas son escasamente a metade. A facturación das empresas situadas ao norte e sur do Miño é aproximadamente a mesma, con lixeira vantaxe para as portuguesas.

Os azares da historia fixeron que estes territorios que durante case dous mil anos partillaron costumes, comportamentos culturais e mesmo lingua, se encontren hoxe baixo a tutela de dous Estados diferentes. Ao se producir a independencia de Portugal e a entrada da Galiza na órbita de Castela, as relacións entre ambos os dous pobos foron enfeblecendo. Paradoxalmente, o ingreso das dúas nacións na Unión Europea está a enfortecer os contactos entre ambas. Esta guía tenta estreitar este achegamento, derrubar prexuízos que aínda perviven e, finalmente, que a comunidade que mora ao norte do Miño —ou Minho— coñeza un pouco mellor a súa viciña do sur.

Canto á estrutura da guía diremos que posúe dúas partes. Na primeira fornécense un conxunto de datos de carácter xeral que acheguen o viaxeiro ao coñecemento do viciño país: división territo-

rial, museus e casas-museu, cronoloxías, pequenas orientacións sobre aspectos chave da arte portuguesa (como son o manuelino e o azulexo), a gastronomía, os espazos naturais ou as festas.

Un segundo apartado está constituído por unha serie de itinerarios que se aconsella seguir. Os devanditos percorridos artelláronse de tal maneira que puidesen fornecer un primeiro achegamento ao país. Estes itinerarios, en número de nove, atravesan o territorio de norte a sur e de leste a oeste e veñen sendo grandes rotas base polas que desprazarse. Naturalmente, existe a posibilidade de levar a cabo a síntese entre varios itinerarios.

Ao longo de cada percorrido vanse describindo paisaxe e localidades de menor envergadura. As poboacións maiores, ou as que presentan un meirande interese, mediante un reenvío á páxina correspondente, descríbense ao final de cada rota, onde se insire unha información miudallenta.

Existe, ao cabo, como antes se dixo, a posibilidade de realizar unha viaxe ou excursión ao chou, sen seguir ningunha rota das fixadas. Cando se desexar información sobre unha cidade ou vila na que o viaxeiro se atopar, deberase procurar no índice final, onde localizaremos a páxina da localidade que motiva a nosa pesquisa. No devandito índice aparecen todos os aspectos que na guía se conteñen: vilas e cidades —en negra, a información máis notábel—, arte, parques, antroponimia, lecer, xeografía, etc.

Como remate, só un par de palabras referentes ao idioma portugués. Quen escribe estas liñas acredita dende hai anos que galego e portugués son, basilaramente, dúas expresións dialectais dun mesmo idioma, diferencias que, nomeadamente, se manifestan na fonética e na grafía. É posíbel que quen lea estas liñas coñeza sobexamente as cuestións relativas á pronunciación e acentuación. Para quen non se ache neste caso, cómpre lembrar que estamos tan afeitos a escoitar en boca de locutores falar de “Lloao” Pinto que hoxe hai quen ignora que o J e o G portugueses non teñen a ver nada co J inglés, sendo, en troca, unha formulación moi semellante ao X galego. Debo sinalar que a maior xoia lingüística que teño escoitado é chamar ao ex dirixente portugués Ramalho Eanes, polo monstuoso alcume de Ramalo Ins (sic), cunha pronuncia —temo— tipicamente inglesa.

Análoga cuestión acontece coa escrita. O sistema de acentuación portugués non coincide co galego, hoxe calcado do español. Non debemos, pois, deixarnos levar polas aparencias e facer unha lectura desde o punto de vista deste idioma. Á vista das palabras historia, cámbio ou falencia non debemos ter dúbida

canto a decidirmos a prosodia. Perante termos como Faria, geografia, freguesia, Maia, democracia ou leitaria, a pronunciación correcta será Faría, geografía, freguesía, Maía, democracia —así, en portugués— ou leitaría.

Desculpa, lectora, a miña impertinencia.